



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE “INTEGRACIÓN FAMILIAR”.**

**Tramitación anticipada**

Santiago de Compostela, 02 xaneiro 2017

**REUNIDOS**

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento e o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, Dona Mónica Permuy López, con DNI 32.647.387 Z, actuando en calidade de representante legal da Fundación Meniños, segundo consta en escritura outorgada ante o Notario da Coruña D. José Manuel Lois Puente, de data 13 de setembro de 2006, número de protocolo 2.708.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada



pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Segundo.-** A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

**Terceiro.-** Que a Fundación Meniños é unha fundación inscrita no Rexistro de Fundacións Asistenciais baixo o número 15-0098, exercendo o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade o Protectorado sobre ela.

Nos estatutos da fundación, modificados en virtude de acordo do Padroado, de data 10 de marzo de 2008, e elevados a público en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. Victor-José Peón Rama, consta no seu artigo so que o obxecto desta Fundación é a protección da infancia de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

**Cuarto.-** A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Fundación Meniños comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario promover e potenciar a atención axeitada dos nenos/as nas súas familias, para o que acordan desenvolver un Programa de Integración Familiar nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega, que terá como obxectivos:

- A atención e tratamento a nenos/as e familias nas que se dean situacións de maltrato que fagan recomendable a separación do neno/a do seu núcleo familiar. O obxectivo do programa será a incorporación do neno/a á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar.
- Diseñar, en coordinación co departamento municipal competente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos, e despois de derivación do Equipo Técnico



do Menor, a intervención dun nivel especializado coas familias con nenos/as en situación de risco, ou maltrato, nos que non se faga recomendable a separación do menor do seu entorno familiar.

**Quinto.-** O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

**Sexto.-** A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que ven sendo executado desde hai anos pola Fundación Meniños, no ámbito da Comunidade Autónoma, considérase polo tanto idónea a dita entidade para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores e as súas familias a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

Dacordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55– da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materialízase anualmente, ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Meniños a cal, desde 1996, está especializada no ámbito da infancia e a adolescencia, cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia, e que ven colaborando desde ese ano coa Xunta de Galicia nesta área de intervención.



**Sétimo.-** A Fundación Meniños na actualidade conta con o redor de 50 profesionais e 28 voluntarios traballando nos programas de prevención e intervención nas sedes da Fundación.

Tendo en conta que a entidade conveniente conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración, pódese afirmar que non se atopa na nosa Comunidade Autónoma outra entidade que poída igualar estes aspectos, polo que se entende necesario dar continuidade á execución deste programa.

Por outra banda, a Fundación Meniños colabora, durante a vixencia deste convenio, mediante a achega de 200.000,00 euros para o desenvolvemento do programa, procedentes da concesión da subvención percibida con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Consideraselle polo tanto idónea para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes otorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para o desenvolvemento do Programa de Integración Familiar nas catro provincias da Comunidade Autónoma, levando a cabo unha intervención integral coas familias e cos nenos e nenas participantes no programa.

O Programa de Integración Familiar promove e potencia a adecuada atención e protección á infancia e á adolescencia por parte das súas familias, a través dunha intervención integral e especializada no propio contexto da familia afectada, estimulando capacidades, corrixindo déficits, promovendo cambios e reparando danos.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O programa que se desenvolva irá orientado a dar cumprimento aos obxectivos sinalados na cláusula terceira, en tres áreas:

- PRESERVACIÓN FAMILIAR: dirixida a aquelas familias nas que se detecta unha situación de risco de desprotección, a través dun traballo de potenciación dos seus recursos e promoción de cambios na súa dinámica familiar, que eviten a separación do neno ou nena do núcleo familiar.
- REUNIFICACIÓN FAMILIAR: dirixida a aquelas familias nas que a situación de desprotección xa provocou a separación do neno ou nena e o seu ingreso temporal nun centro de protección ou nun acollemento familiar temporal, a través dunha intervención familiar intensiva que corrixa os factores de risco e déficits atopados, estimule procesos de cambio e proporcione estratexias e habilidades que permitan a rápida reunificación familiar, a volta dos nenos e nenas á súa contorna familiar.
- FUNCIONALIDADE FAMILIAR: que supón un traballo intensivo previo á intervención familiar propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixida a familias nas que se advirte un grave deterioro familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención, para que a familia poida romper a dinámica de deterioro profundo e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

Os Equipos Técnicos de Menores da Consellería de Política Social para incluír ás familias con fillos e fillas nunha das áreas anteriores deben valorar:

- Na área de preservación, que existe un risco controlable e a posibilidade do aproveitamento dunha intervención familiar especializada que evite o internamento dos nenos e nenas, e posibilite a continuidade da convivencia familiar.
- Na área de reunificación, que existe reversibilidade potencial da situación que motivou o internamento.



- Na área de Funcionalidade familiar, que existe un grave deterioro familiar cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención

O período de intervención nas áreas de preservación e reunificación estímase que dura un máximo de 24 meses.

## **SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA**

Son beneficiarios deste programa as familias e os menores seleccionados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro dos criterios establecidos no anexo deste Convenio.

## **TERCEIRA.- OBXECTIVOS**

O obxectivo xeral coas familias participantes no Programa consiste en potenciar os recursos e corrixir os déficits existentes nas familias, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte dos pais e nais.

Son obxectivos específicos:

1. Contribuír, a nivel teórico, a un coñecemento máis preciso das situacións socio-familiares dos nenos e nenas acollidas en centros e das estratexias de prevención máis axeitadas para cada caso.
2. Colaborar coa Consellería de Política Social e co conxunto da rede, co fin de mellorar o sistema de protección á infancia en dificultade social, especialmente nas situacións de maltrato infantil.
3. Preservación Familiar: Potenciar os recursos protectores das familias e minimizar factores de risco para previr e evitar a separación do neno ou da nena do seu contorno familiar.
4. Reunificación Familiar: Mellorar a situación socio-familiar dos nenos e nenas atendidos intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer un pronto e eficaz desinternamento.
5. Funcionalidade familiar: Preparar ás familias con grave deterioro familiar para que estean nas condicións axeitadas para constituír unha referencia positiva para os seus



fillos e fillas ou para poder ingresar na fase de Reunificación ou preservación do programa con probabilidades de éxito.

#### **CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

Para o desenvolvemento do programa, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

- Propoñer aos menores e familias beneficiarios do programa.
- Facilitar aos equipos de inserción familiar da Fundación Meniños o acceso a toda a información relativa aos menores participantes no programa.
- Realizar todas as actuacións administrativas relativas ás familias e aos menores integrados no programa que de acordo coa súa competencia lle correspondan: resolucións de desinternamento, autorización de visitas, propostas xudiciais, axudas económicas ás familias, etc.
- Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN MENIÑOS**

A Fundación Meniños comprométese a:

- Designar aos profesionais que levarán a cabo o programa en cada provincia, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente.
- Proporcionar os locais nos que se radican os equipos de inserción familiar, que serán:
  - A Coruña. Avenida de Cádiz, 5 - 2º izq. - CP 15008
  - Lugo. Avenida da Coruña, 40-1º - CP 27003
  - Ourense. Rúa Progreso 5, oficina 6 - CP 32005
  - Vigo. Praza de América, Nº2 Edificio Plaza América Oficina 2ªF - CP 36.210.
- Seguir a metodoloxía e procedemento de intervención do programa recollidos no anexo deste convenio.
- Proporcionar á Consellería de Política Social, a través dos Servizos Territoriais de Familia e Menores, a ficha, informe global e proxecto de intervención familiar de cada unha das familias incluídas no programa, así como un informe de actuacións desenvoltas cos beneficiarios.



- Coordinarse coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e coas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social para a boa marcha do programa.
- Elaborar unha memoria anual dentro do mes seguinte á finalización do convenio, que debe incluír os seguintes apartados:
  - Xustificación do gasto.
  - Actividades realizadas.
  - Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
  - Valoración global.
  - Accións de innovación e investigación.
- Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- Encargarse do mantemento das bases de datos relativas aos menores e as familias incluídas no programa.
- Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.

#### **SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Para o desenvolvemento do programa, a FUNDACIÓN MENIÑOS disporá dun Equipo de Integración Familiar formado inicialmente por 16 técnicos (psicólogos, educadores e/ou traballadores sociais) distribuídos nas catro provincias, en función das necesidades detectadas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, cun mínimo de 3 técnicos por provincia, capaces de dar atención a un mínimo de 136 familias simultaneamente, distribuídas entre as catro provincias, en función das necesidades.

A FUNDACIÓN MENIÑOS, porá, así mesmo, a disposición do programa o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario integrado por profesionais da educación, profesionais técnicos (avogacía, sanidade, etc.) e persoal para tarefas complementarias (transporte e outros).

O equipo que a "FUNDACIÓN MENIÑOS" poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social,



debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos; obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a ésta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

### **SÉTIMA.- CONDICIÓNNS ECONÓMICAS**

Este convenio tramítase polo procedemento de tramitación anticipada ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de gastos.

De acordo co artigo 5 da dita Orde todos os actos ditados nos expedientes de gasto de tramitación anticipada están condicionados a que unha vez aprobado o orzamento subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento no que se produciron e, polo tanto, á existencia de crédito axeitado e suficiente unha vez aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O orzamento total do programa é de 618.000,00 €.

Para a realización de actuacións obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social achegara a cantidade de **418.000,00 €**, como anticipado de gastos, con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.1. na que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente, quedando a realización do presente convenio, condicionada á efectiva existencia de crédito na partida orzamentaria polo importe referido nos orzamentos definitivos. A devandita aportación económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Fundación Meniños contribuirá con **200.000,00 €** que corresponden á execución, durante o período de vixencia deste convenio, da subvención percibida con cargo ao I.R.P.F. Ademais comprométese a achegar aquelas cantidades non previstas inicialmente que resulten imprescindibles para completar a execución das tarefas previstas.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no Anexo I deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.



# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de **334.400,00 €** (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

De esta cantidade:

- 55.400,00 €. Serán satisfeitos no intre no que se asine o convenio para cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante facturas antes do derradeiro pagamento.
- 279.000,00 €. Ata o límite desta cantidade poderánse realizar pagamentos parciais a medida que se xustifique a realización de actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituir as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Os **83.600,00 €** (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

- Relación de facturas
- Facturas orixinais.
- Xustificantes de pago dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no último mes de vixencia do convenio, cuxo pago efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Fundación Meniños; nestes casos, abundará coa presentación das facturas devengadas no período, conforme o indicado na aliña anterior, sen prexízo do sometemento a actuacións de comprobación e control posteriores.



A Fundación Meniños acreditará, no momento da sinatura do convenio e no momento da realización do pagamento, mediante unha Declaración responsable da persoa que ostenta a representación da entidade, de que está ao día no cumprimento das súas obrigas de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O prazo máximo de xustificación é o 30 de decembro do 2017.

A Fundación Meniños, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

#### **OITAVA.- COMPATIBILIDADE**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total non poderá ser superior ao importe da subvención.

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL**

A Fundación Meniños de verá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

A Fundación Meniños deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



## **DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE**

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable dos ficheiros “Xestión de servizos Sociais” e “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades”, regulados ambos pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza á Fundación Meniños como encargada do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Os encargados do tratamento tratarán os datos de conformidade coas instrucións da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, a encargada do tratamento de datos deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou



documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación. A encargada do tratamento conservará os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa responsable do ficheiro.

A encargada do tratamento dos datos responderá directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto de especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao Conselleiro de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados polo conselleiro.
- Dous representantes da Fundación Meniños e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirse al menos dúas veces ao ano: unha trala sinatura deste convenio e outra trala edición da Memoria Anual. Ademais reuniranse cantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2017.



### **DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS**

Este convenio ten carácter administrativo, e os sus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido a o disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3. sobre financiación das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que podan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

### **DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



- Por el transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do su pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Se cando concurra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE**

O convenio quedará sometido en canto a publicidade do mesmo ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e en canto a publicidade das subvencións ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Así mesmo será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A Fundación Meniños terá a obrigada de subministrar á consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL**

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE  
POLÍTICA SOCIAL  
José Manuel Rey Varela**

**A REPRESENTANTE LEGAL DA  
FUNDACIÓN MENIÑOS  
Mónica Permuy López**



*Anexo I*

| <i>Distribución do gasto para a execución do convenio<br/>(1 xaneiro - 31 de decembro de 2017)</i> |                          |                         |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|-------------------------|
| <b>Concepto</b>                                                                                    | <b>Fundación Meniños</b> | <b>Xunta de Galicia</b> |
| <i>Persoal contratado</i>                                                                          | 153.029,60 €             | 301.369,14 €            |
| <i>Dietas/desprazamentos</i>                                                                       | 6.000,00 €               | 26.374,03 €             |
| <i>Locais/abastecementos</i>                                                                       | 14.300,00 €              | 16.403,52 €             |
| <i>Comunicacións</i>                                                                               | 6.070,40 €               | 12.910,50 €             |
| <i>Material de oficina</i>                                                                         | 900,00 €                 | 2.706,76 €              |
| <i>Outros gastos</i>                                                                               | 1.700,00 €               | 1.293,59 €              |
| <i>Gastos de administración e xestión</i>                                                          | 18.000,00 €              | 56.942,46 €             |
| <b>Total</b>                                                                                       | <b>200.000,00 €</b>      | <b>418.000,00 €</b>     |



## **ANEXO II**

### **I.- CRITERIOS EMPREGADOS**

*O Equipo de Integración Familiar da entidade traballará simultaneamente cunha poboación media de 136 familias en toda a comunidade, distribuídas por provincias en función das necesidades detectadas en cada provincia pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica, prestando especial atención á área de reunificación familiar para evitar así, na medida do posible, a utilización e/ou extensión do recurso de acollemento residencial.*

*Criterios de selección das familias e menores:*

- 1. Familias con nenos e nenas residentes en centros de acollida ou en acollemento familiar. Área de Reunificación Familiar.*
  - Familias que precisen, segundo acordo do xefe da Xefatura Territorial da Consellería -por proposta do Equipo Técnico de Menores, en coordinación co persoal educativo e da dirección do centro-, dunha intervención directa nos seus núcleos familiares para favorecer un rápido e eficaz desinternamento.*
  - Reversibilidade potencial da situación que motivou o internamento dos nenos e nenas*
  - Considérase conveniente que existan membros da familia extensa en disposición e con posibilidades de colaborar para modificar a situación que favoreza o retorno dos nenos e nenas ao fogar.*
  - Prestarase atención prioritaria aos nenos e nenas internados en centros residenciais fronte aos que estean en acollemento familiar.*
- 2. Familias con nenos e nenas en situación de risco. Área de Preservación Familiar.*
  - Familias en situación de risco que precisen, segundo acordo da Xefatura Territorial da Consellería, por proposta do Equipo Técnico de Menores, en coordinación cos servizos sociais dos Concellos, dunha intervención especializada para evitar o internamento do neno ou nena nun centro de protección e posibilitar a continuidade da convivencia coa súa familia en condicións de seguridade e afecto.*



- *É imprescindible traballar en coordinación cos servizos sociais dos concellos e con toda a rede de servizos que teñan relación cos casos (sistema educativo, sanitario, xudicial).*
3. *Familias con grave deterioro familiar con nenos e nenas en situación de desprotección, que seguen a manter relacións cos seus fillos e fillas. Área de Funcionalidade Familiar.*
- *Familias gravemente deterioradas que non poden recuperar condicións protectoras no período de 2 anos, pero que o Equipo Técnico de Menores valora a necesidade dunha intervención para dotalas dunha estrutura e funcionalidade mínima, que lles permita ser unha influencia positiva par aos seus fillos e fillas, cando manteñen os contactos por estar aqueles en acollemento residencial ou noutros programas, ou pasar posteriormente ás áreas de Preservación e Reunificación, segundo as necesidades.*
  - *Esta área reservarase para un número limitado de casos a xuízo da Xefatura Territorial.*

*En todos os casos é mester a dispoñibilidade da familia para participar no programa e considérase elemento determinante da eficacia do programa que a intervención se produza no momento máis próximo posible ao da detección da necesidade.*

## **II.- FASES DO PROGRAMA ,**

*Comúns ás dúas áreas de intervención.*

1. *ADMISIÓN. Definindo con claridade a demanda do derivante, os obxectivos parciais e o obxectivo xeral da intervención. O tempo nesta fase é de 2 meses como máximo.*
2. *AVALIACIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN. Establécese un tempo máximo de 2 meses dende a admisión para a elaboración dun Plan de Actuación coa familia, acordado entre todas as partes (Familia, EIF, ETM, educador ou educadora, director ou directora do centro, titores ou titoras e neno ou nena) e que delimite os obxectivos a traballar, as persoas destinatarias, os resultados esperados, os prazos aos que se terán que axustar na intervención e os resultados obtidos.*



3. *INTERVENCIÓN. Os seguimentos de intervención que se presentarán a cada unha das familias son:*

- *Intervención Psicosocial: transmitindo estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social.*
- *Atención Infantil: Para garantir a convivencia familiar dos nenos e nenas en condicións de seguridade, estabilidade e afecto.*
- *Educación Familiar: Para a adquisición de habilidades e hábitos para cubrir as necesidades dos nenos e nenas.*
- *Terapia familiar: para resolver problemas psicolóxicos, relacionais e conductuais das persoas usuarias.*
- *Voluntariado: Reforzo personalizado para nenos e nenas, adolescentes e familias (apoio escolar, respiro familiar, etc.) impartido por persoal voluntario de Meniños.*

3.1. *SEGUIMIENTO DE ACTUACIONES. Co obxecto de garantir que se cumpren os obxectivos sinalados no Plan de Actuación e que as actuacións realizadas cobren as necesidades detectadas. Este seguimento é trimestral.*

3.2. *ENTREGA. Informe de actuacións realizadas e situación final dos obxectivos traballados no Plan de Actuación. Este informe o elaborará o EIF ao finalizar a intervención e nel se valorarán todos os obxectivos de traballo coa familia, o grao de cumprimento dos mesmos e o grao de protección en que se atopan os nenos e nenas. Este informe enviarase, a través do Rexistro, ás respectivas Xefaturas Territoriais.*

4. *SEGUIMIENTO TRALA BAIXA. Realizarase un seguimento dos casos despois da súa baixa no programa, co obxectivo de obter información e reforzar as melloras aos 3, 6, 12 e 18 meses da baixa no programa. A información sobre estes seguimentos deberá figurar na folla de seguimento trimestral.*

*A execución dos proxectos para cada familia e neno ou nena terá unha duración máxima de 2 anos.*

*Excepcionalmente, pódese prolongar a intervención con familias que, superado este prazo, estean próximas a un funcionamento autónomo ou con apoios normalizados. Nestes casos, a continuidade no programa será sempre con previo acordo entre o Equipo Técnico de Menores e os responsables do Programa de Integración Familiar.*



### **III. COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO.**

*Para realizar unha intervención de calidade cómpre un traballo coordinado entre todas as instancias que poden intervir nos casos.*

*A coordinación do programa no ámbito provincial correspóndelle ao Servizo de Protección de Menores das catro Xefaturas Territoriais.*

*A coordinación provincial entre os Equipos Técnicos de Menores e os Equipos de Integración Familiar terá carácter trimestral, con reunións fixadas previamente polas dúas partes, para o seguimento dos casos.*

*Nestas reunións estará presente a persoa responsable do EIF de cada provincia e o persoal técnico responsable do PIF do Servizo de Protección de Menores provincial.*

*Á parte destas reunións trimestrais convocaranse cantas se estimen necesarias.*

*A coordinación do Programa de Integración Familiar nas catro provincias corresponde ao Servizo de Protección de Menores, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.*

*Para facer efectiva a coordinación, a entidade Meniños debe remitir trimestralmente a esta Dirección e a cada Xefatura Territorial copia dos cadros de seguimento trimestral e o resumo estatístico.*

*Convocarase como mínimo unha reunión anual dende a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica na que estarán presentes : representantes do Servizo de Protección do Menores provinciais, representantes de Meniños e representantes do Servizo de Protección do Menores da Dirección Xeral. Na dita reunión valorarase o funcionamento do programa e cantas cuestións se estimen convenientes.*

*Os equipos de Intervención Familiar e os Equipos Técnicos de Menores manterán, polas vías dispoñibles, cantos contactos precisen. Ambos os dous equipos intercambiarán calquera información que reciban sobre os casos co fin de conseguir a maior eficacia na intervención*

*Meniños elaborará unha Memoria anual e remitirá a cada unha das Xefaturas Territoriais dous exemplares nun prazo non superior a dous meses do ano de*



# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*referencia. No mesmo prazo, enviaranse outros dous exemplares da Memoria á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.*